



## **CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)**

Rúa Vilanova, 1 – 15817 BOIMORTO- Teléfono: 981 516 020 – Fax: 981 516 045  
e-mail: correo@boimorto.es

**Descrición Decreto:** Aprobación da listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as do proceso selectivo de estabilización por concurso oposición dúas prazas de auxiliar de axuda no fogar a xornada completa, listaxe definitivo, constitución tribunal e convocatoria

### **DONA MARIA JESÚS NOVO GÓMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO ( A CORUÑA)**

Finalizado o prazo de presentación de instancias para tomar parte no proceso selectivo extraordinario de estabilización do emprego público temporal do Concello de Boimorto derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público e da oferta de emprego público excepcional e extraordinaria anualidade 2022, dúas prazas de auxiliar de axuda no fogar a xornada completa por concurso oposición, aprobado por Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 07/12/2022 e publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 236 de data 15 de decembro de 2022.

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1 g) da Lei 7/1985 do 2 de abril de bases de réxime local polo presente, **RESOLVO**

**PRIMEIRO.-** Aproba-la seguinte listaxe provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as:

<b>2 PRAZAS AUXILIAR AXUDA NO FOGAR XORNADA COMPLETA CONCURSO OPOSICIÓN</b>	
<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>DNI</b>
<b>ADMITIDOS/AS</b>	
CREGO SEGADE MARIA JOSE	XXX8606XX
FREIRE PAMPIN NATALIA	XXX0056XX
GÓMEZ GARCÍA MARIA ISABEL	XXX8475XX
LISTE PETEIRO CRISTINA	XXX6076XX
MEIJIDE CARRO MARIA ISABEL	XXX8750XX
MOURAZOS SANMARTÍN INMACULADA	XXX4365XX
NEIRA CARBAJALES SANDRA	XXX3446XX
REY CARBAJALES MERCEDES	XXX8996XX
SÁNCHEZ GARCÍA SUSANA	XXX3644XX
TABOADA LÓPEZ MARIA JOSE	XXX8658XX
<b>EXCLUÍDOS/AS</b>	
Ningún/ha	

**SEGUNDO.-** Elevar a definitiva a lista provisional de aspirantes admitidos/as no proceso selectivo ao non existir excluídos/as para a selección por concurso oposición dúas prazas de auxiliares de axuda no fogar a xornada completa.

**TERCEIRO.-** Nomear ao Tribunal cualificador do proceso selectivo, que terá a seguinte

composición:

-Presidente: M.<sup>a</sup> Esther Vidal Pandelo, Traballadora social do Concello de Boimorto

Suplente presidente: M.<sup>a</sup> Montserrat Varela Vázquez, Traballadora social do Concello de Vilasantar.

-Vogais:

Titular 1: Ana M<sup>a</sup> Vallo Camba, Axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Boimorto.

Suplente 1: M.<sup>a</sup> Lourdes García Sánchez, Axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Vilasantar.

Titular 2: M.<sup>a</sup> Elena Rey Souto, Auxiliar de axuda a domicilio do Concello de Boimorto.

Suplente 2: M.<sup>a</sup> Ermitas Sánchez González, Traballadora social do Concello de Sobrado.

Titular 3: M.<sup>a</sup> Teresa Gómez Cea, Técnica en intervención familiar- psicóloga do Concello de Boimorto,.

Suplente 3: Cristina Tato Miguez, Orientadora laboral do Concello de Santiso.

- Secretario: Jorge Boado Fernández, Secretario interventor do Concello de Boimorto.

Suplente secretario: Iván Ponte Mahía, Secretario interventor do Concello de Toques.

**CUARTO.-** Fixar o vindeiro 30 de xuño de 2023 ás 13:30 horas como data para a primeira sesión do Tribunal cualificador ( constitución) e para comezar co proceso de valoración de méritos presentados e acreditados para as presentes prazas.

A xuntanza do Tribunal cualificador farase no Salón de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Boimorto, sito na rúa Vilanova, núm. 1.

**QUINTO.-** Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, na sede electrónica e no Taboleiro de Anuncios.

**SEXTO.-** Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben directamente, recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Decretoouno a Alcaldía, Boimorto á data da súa sinatura dixital, do que eu Secretario deste Concello, dou fe e traslado

A Alcaldesa - Presidenta

Dou fe, o secretario

Asdo.- MARIA JESUS NOVO GOMEZ

Asdo.- JORGE BOADO FERNÁNDEZ